

## Carballo. Festas de San Xoán 2026

# A cachela, Baiuca e Ráfaga na Semana Grande de Carballo

A programación inclúe concertos, procesións, cabezudos, habaneras e a Festa do Bosque • A investigadora Verónica Bolón lerá o pregón mañá

J. M. Ramos

O San Xoán 2026 de Carballo, definido pola comisión de festas como o «do cambio e as novidades», afronta a partir de mañá, día 22, a Semana Grande. O disparo de bombas de palenque anunciará o inicio oficial das celebracións. Dos pasarrúas encargárase o Grupo de Gaitas da AC Nemeth.

Pola tarde, ás 20.30 horas, terá lugar o concerto co cuarteto de música latina SonBoleros, na Praza do Concello, e ás 21.00 horas, no mesmo escenario a investigadora local Verónica Bolón Canedo exercerá de pregoira do San Xoán 2026.

O martes, día 23, chegará un dos momentos máis esperados: a Cachela do San Xoán e a sardiñada popular, con racións a prezos populares e pan de panaderías locais. Será no Rego da Balsa. No mesmo escenario, a partir das 21.00 horas comezará a verbena coa orquestra Compostela. E ás 00.00 horas prenderán lume á cachela deseñada por Maximino Pazos. Despois comezará unha sesión DJ con Señora DJ.

O día grande será o mércores, día de San Xoán. Haberá pasarrúas coa Banda Municipal de Gaitas, e os grupos de gaitas da AC San Campio e da AC Arume. A misa solemne será ás 12.30 horas, cantada pola Coral de Bergantiños, e, de seguido, sairá a procesión acompañada pola Banda de Música de Cee, que ofrecerá tamén un concerto ás 14.00 h.

Pola tarde, haberá Danza de Cabezudos a cargo das asociacións culturais, e á noite, a partir das 23.00 horas, chegará o concerto de Baiuca na Praza do Concello. Na verbena, que terá lugar no Rego da Balsa, actuará a orquestra Panorama City.

O xoves 25, os pasarrúas correrán a cargo da Banda Municipal de Gaitas, o Grupo de Gaitas da AC San Campio, AC Nemeth e a Banda de Música das Pontes. Ás 12.30 horas comezará a misa solemne na honra do Santísimo Sacramento, cantada polo Coro Aires de Bergantiños, e a procesión será acompañada pola Banda das Pontes.

Pola tarde, a Compañía Desastronauts presentará un espectáculo de aéreos con trapezio e teas no Parque do Anllóns, e a verbena estará amenizada polas orquestras Os Satélites e Última Legión.

O venres 26, festividade da Virxe

do Carne, traerá unha noite cargada de concertos: Tito Ramírez, Joe Crepúsculo, o muracán 9Louro e o grupo argentino Ráfaga.

O sábado 27 celebrarase o Festival Rockin', con actuacións de

Stompin Riffraffs, The Mean Devils, Mentah, Charlie Tiburona e León Benavente, e a XXVIII Mostra de Habaneras. Os festexos chegarán ao seu fin o domingo 28 coa tradicional Festa do Bosque do Añón. ■



O grupo argentino Ráfaga actuará o venres, día 26, no Rego da Balsa.

# SAN XOÁN

ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XOÁN CARBALLO

concello de CARBALLO

## CARBALLO 2026 DO 22 AO 28 DE XUÑO

<p><b>SÁBADO 13</b></p> <p>17.00 h <b>PRESANXOÁN - Balsaña Fest</b> Skate, música e arte</p> <p><b>SÁBADO 20</b></p> <p>20.00 h <b>FOLIADA DO SAN XOÁN</b></p> <p><b>DOMINGO 21</b></p> <p>20.00 h <b>Festa da Música</b> <b>CONCERTO</b> <b>SU GARRIDO POMBO</b> Traspelias</p> <p><b>LUNS 22</b></p> <p>20.30 h Concerto co cuarteto de música latina <b>SONBOLEROS</b></p> <p>21.00 h <b>PREGÓN DO SAN XOÁN</b> A cargo de <b>Verónica Bolón Canedo</b></p> <p><b>MARTES 23</b></p> <p>21.00 h <b>CACHELA DO SAN XOÁN</b> <b>SARDIÑADA POPULAR</b></p> <p>21.00 h Verbena coa <b>ORQUESTRA COMPOSTELA</b></p> <p>00.00 h <b>QUEIMA DA CACHELA DO SAN XOÁN</b></p> <p><b>MÉRCORES 24</b></p> <p>23.00 h Concerto <b>BAIUCA</b></p> <p>00.30 h Verbena coa <b>PANORAMA CITY</b></p>	<p><b>XOVES 25</b></p> <p>18.30 h Compañía <b>DESASTRONAUTS</b> <b>Circo expreso 2</b></p> <p>20.00 h Verbena coa <b>ORQUESTRA OS SATÉLITES</b></p> <p>23.15 h Verbena coa <b>ORQUESTRA ÚLTIMA LEGIÓN</b></p> <p><b>VENRES 26</b></p> <p>11.30 h Actuación de <b>Brais das Hortas</b></p> <p>17.00 h <i>Xogos do Mundo</i> de <b>Os Biosbardos</b></p> <p>21.30 h Concerto <b>TITO RAMÍREZ</b></p> <p>23.00 h Concerto <b>JOE CREPÚSCULO</b></p> <p>00.30 h Concerto <b>9LOURO</b></p> <p>01.30 h Verbena co <b>GRUPO RÁFAGA</b></p> <p><b>SÁBADO 27</b></p> <p><b>FESTIVAL ROCKIN'</b></p> <p>13.00 h Sesión vermouth con <b>STOMPIN' RIFFRAFFS e</b> <b>THE MEAN DEVILS</b></p> <p>21.00 h <b>MENTAH, CHARLIE</b> <b>TIBURONA e</b> <b>LEÓN BENAVENTE</b></p>	<p><b>DOMINGO 28</b></p> <p><b>FESTA DO BOSQUE</b></p> <p>13.00 h Sesión vermouth con <b>LAURA AÑÓN</b></p> <p>20.00 h Animación musical a cargo de <b>DJ DAVID</b></p> <p>00.00 h Gran sesión de <b>FOGOS DE ARTIFICIO</b></p>
--	---	---

## Carballo. Festas de San Xoán 2026

# As bruxas, mouras e trasnos protagonizan unha mostra de sete artistas bergantiñáns

A exposición estará aberta ata o 18 de agosto, de luns a sábado, no andar -1 do Pazo da Cultura

J. M. Ramos

### Un mundo imaxinario

Sete artistas de Carballo e da comarca de Bergantiños uníronse para artellar a exposición colectiva *O susurro dos antergos*. Trátase dunha mostra que conta coa ollada de artistas ben coñecidos do panorama artístico que unen a súa creatividade arredor do mesmo leitmotiv.

O público que se achegue a visitala atopará obras de Milagros Coto, Cristina Castro, Isabel Soutullo, XMÑ (Maribel Castiñeira), Loli España, Luis Pesce e Mon Lendoiro.

A mostra mergúllase na riqueza da mitoloxía galega, dando vida aos seus seres, lendas e simboloxías. A través dunha mestura de obras plásticas, instalacións e performance, a exposición crea un espazo sensorial onde o pasado e o presente dialogan. Un convite a escoitar as voces antigas que aínda latexan na nosa memoria colectiva.

A mitoloxía galega é un universo simbólico profundamente entrelazado coa paisaxe, a tradición oral e a identidade cultural de Galicia. Está poboada por seres que habitan os bosques, o mar, os camiños e os límites entre a vida e a morte, reflectindo unha cosmovisión onde o visible e o invisible se entrelazan.

Esta exposición ofrece unha viaxe contemporánea a través deste mundo imaxinario empregando múltiples linguaxes artísticas: pintura, instalación, performance, teatro e escultura. Cada peza reinterpreta figuras tradicionais como bruxas, mouras, trasnos e criaturas mariñas, non como reliquias do pasado, senón como símbolos vivos que seguen resonando coa nosa sensibilidade actual.



Acto inaugural da exposición colectiva 'O susurro dos antergos'.

### Visitable polas tardes

A mostra pode visitarse na sala de exposicións do andar -1 do Pazo da Cultura, de luns a sábado de 17.00 a 20.30 horas até o 18 de agosto. Ao acto de inauguración asistiron, ademais dos artistas responsables da mostra, o alcalde de Carballo, Daniel Pérez, e a concelleira de Cultura, Maruxa Suárez. Esta actividade, organizada pola Concellería de Cultura e Festas, está incluída dentro do programa do San Xoán.

### O mercado municipal súmase á celebración das patronais con degustacións, cursos e sorteos de produtos

Unhas festas que teñen múltiples escenarios e propostas das que poden gozar veciños e visitantes.

### Petiscos e produtos frescos

Así, o mercado municipal de Carballo tamén se sumou ás celebracións do San Xoán cunha programación especial, co obxectivo de enchelo de vida e sabor, unindo o produto fresco e de proximidade co espírito das festas patronais carballesas.

Nesta semana apuntaron directamente aos padais dos carballeses e carballesas, así como das persoas que visitan a localidade nestas datas tan sinaladas, a través de dúas xornadas pensadas para dinamizar o espazo e premiar a fidelidade da clientela.

O pasado xoves, día 18, a praza

de abastos transformouse nun escaparate do mellor produto de tempada cunha degustación de petiscos elaborados con produtos típicos desta época mercados na propia praza. A clientela puido gozar da experiencia gastronómica grazas aos vales obtidos ao realizar as súas compras en calquera posto do mercado.

### Agradecemento á clientela

E o venres, como homenaxe ao comercio local e para agradecer o apoio diario á praza, sorteouse unha gran cesta cargada de produtos frescos e de máxima calidade doados polos propios praceiros e praceiras. Os clientes recibiron coas súas compras boletos para participar no sorteo.

E é que a praza de abastos de Carballo xa é moito máis que un espazo no que se vende carne, peixe, verduras e pan. Os praceiros e o Concello, a través dun ambicioso plan de dinamización, transformárona nun centro de formación, gastronómico e de saúde.

### Formación

Unha iniciativa que segue a colleitar excelentes resultados na súa programación de primavera, que incluíu obradoiros de arranxos florais, impartidos pola recoñecida florista da propia praza, Esther Capelet.

Tamén acolleu actividades de concienciación ambiental cun obradoiro de recuperación de plantas en mal estado, impartido pola enxeñeira técnica agrícola Carmen Alonso. ■

# HERFRAGA

MAQUINARIA PARA LA INDUSTRIA  
CONSERVERA / MECANIZADOS

Desde 1930

Rúa Cobre, C17 • Polígono Bértoa  
Carballo-A Coruña  
Teléf: 981 700 401  
981 701 511  
info@herfraga.com  
[www.herfraga.com](http://www.herfraga.com)

# placasa

**¡FELICES FIESTAS!**  
[www.placasa.com](http://www.placasa.com)

POLÍGONO INDUSTRIAL DE BÉRTOA,  
vial E - Parcela C2 - 15105  
CARBALLO - A CORUÑA - ESPAÑA  
TELF. (+34) 981 70 26 11  
correo@placasa.com

# HORBESA

HORMIGONES BERGANTINOS S.A.

Carballo | Cerceda | Sada | As Pontes

981 704 190 • info@horbesa.es • www.horbesa.es

IRAN-GOOP GALEGA

**Todo o que necesitas para o campo: pensos, administración, perruquería canina e asesoramento profesional. Comprometidos co rural!**

<b>Oficina e fábrica</b> Lg Comiáns 10, Montemaior A Laracha 15145 (A Coruña) 981 612 900	<b>Almacén Pazos</b> Lg Pazos 116, Ponteceso 15111 (A Coruña) 981707201	<b>Almacén Rus</b> Lg Canosa 143, Rus Carballo 15109 (A Coruña) 981749669
--	--	--

## Carballo. Festas de San Xoán 2026

CEDIDA

# A memoria dunha aldea soa en Carballo con Su Garrido

A artista presenta hoxe no Pazo da Cultura un proxecto musical, poético e visual enmarcado na Festa da Música da Deputación da Coruña

**J. M. Ramos**

O San Xoán é tamén un bo momento para gozar dos sons tradicionais, coma os da artista galega Su Garrido Pombo, que presenta hoxe no Pazo da Cultura o seu novo traballo, *Traspielas*, no marco da Festa da Música da Deputación da Coruña.

Garrido artella este proxecto xunto con Macarena Montesinos (cello), Iago Ramilo (saxo), Marco Maril (electrónica) e Fran Rodríguez Casal (visuais). Nel celebran a memoria colectiva dunha aldea a través dunha obra musical, poética e visual.

Músicas de recoñecida traxectoria e de estilos diversos como a electrónica, a experimentación ou a tradicional conflúen para crear unha obra actual, partindo de pezas recollidas en *Traspielas*, lugar natal de Garrido no concello de Fornelos de

Montes, Pontevedra, e de proxeccións con imaxes actuais e de vídeo de arquivo. O obxectivo é o de dar nova vida a estas cancións nunha proposta artística multidisciplinar e contemporánea que pon en valor a comunidade e a cultura popular dun territorio.

*Traspielas* celebra e afonda na memoria colectiva a través da música, a palabra, a escena e a imaxe, coa colaboración de artistas contemporáneas

**O proxecto reinterpreta 11 pezas tradicionais como xotas, cantos de berce, muiñeiras ou romances, entre outras**

de diferentes disciplinas. O proxecto céntrase en reinterpretar 11 pezas tradicionais como xotas, muiñeiras, cantos de berce ou romances e tamén busca fortalecer o vínculo entre a comunidade e o seu territorio. As cancións son revisitadas con novos arranxos e acompañadas de proxeccións audiovisuais, textos e escenografías creadas a partir da escoita da memoria local, establecendo un diálogo entre pasado, presente e futuro.

### Variedade musical

Cantante, música e compositora, o estilo musical de Garrido abrangue desde a cantautora ata a música tradicional. Ten actuado en festivais como o Body and Soul e o Mother Tongues Festival en Dublín, o Centro Cultural Conde Duque en Madrid e o Actual Festival na Rioxa.



Marco Maril, esquerda, Macarena Montesinos, Su Garrido e Iago Ramilo.

En 2015, no marco de TREME, gañou o 1º Premio no concurso MúsicaXove. Tamén formou parte doutros proxectos como Son Trío, co que gañou o Premio Celso Emilio Ferreiro en 2018. En 2018, lanzou o seu primeiro álbum en solitario, *Quedo a vivir aquí*, que gañou o Premio Fran Pérez "Narf" da Deputación da Coruña e o Premio Martín Códax na categoría de Cantau-

tora. En 2023, lanzou un novo álbum, *Patios de luz*, e volveu gañar o Martín Códax na categoría de cantautora.

### Día Europeo da Música

A Festa da Música da Deputación da Coruña é unha iniciativa anual que celebra o Día Europeo da Música con máis de 15 concertos gratuítos. ■

HA NACIDO EL



AHORA TU ATÚN SALE SOLO

UNA IDEA DE



¡PUES CLARO!